

SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O PARLAMENTO DE GALICIA, A ASOCIACIÓN DE EX-PARLAMENTARIAS E EX-PARLAMENTARIOS DO PARLAMENTO DE GALICIA E A CORPORACIÓN RÁDIO E TELEVISIÓN DE GALICIA PARA REALIZACIÓN DUN ANECDOTARIO E UNHA SERIE DE PROGRAMAS DE TELEVISIÓN SOBRE VIVENCIAS E EXPERIENCIAS RELATADAS POR EX-PARLAMENTARIAS E EX-PARLAMENTARIOS DO PARLAMENTO DE GALICIA.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira, na súa condición de presidente do Parlamento de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

D. Jesús María Fernández Rosende, presidente da Asociación de Ex-parlamentarias e Ex-parlamentarios do Parlamento de Galicia, inscrita no Registro Central de Asociaciones da Xunta de Galicia, e actuando ao abeiro das facultades outorgadas polo artigo 10 dos Estatutos da Asociación.

D. Alfonso Sánchez Izquierdo, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, que actúa ao abeiro dos artigos 10 e 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia.

Todas as partes recoñécese mutuamente a súa competencia e capacidade legal para formalizar esta addenda ao convenio de colaboración, e para tales efectos

EXPOÑEN

I. O 15 de xullo de 2016 formalizouse no Pazo do Parlamento de Galicia un convenio de colaboración entre o Parlamento, a Asociación de Ex-parlamentarias e Ex-parlamentarios e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, en adiante CRTVG, para a realización dun anecdotario e unha serie de sete programas de televisión sobre vivencias e experiencias relatadas por ex-parlamentarias e ex-parlamentarios da Cámara. Posteriormente o 12 de xaneiro de 2018, no mesmo lugar e entre as mesmas partes, asinouse unha addenda ao antedito convenio pola que se ampliou a súa vixencia.

II. A CRTVG, nomeadamente a súa canle Televisión de Galicia, recolleu nas entrevistas realizadas aos ex-parlamentarios e ex-parlamentarias un volume moi superior de contidos de relevante valor histórico ao inicialmente previsto, polo que

decidiu estruturar a serie de programas dedicando cada seu a unha lexislatura, de forma que comenzando pola primeira lexislatura os programas chegan ata a séptima lexislatura.

III. A data de sinatura desta addenda, o libro anecdotal obxecto das obrigas que se corresponden ao Parlamento, está elaborado e o seu contido axustado aos sete programas producidos pola CRTVG, é dicir, ás vivencias e experiencias relatadas polas ex-parlamentarias/os en relación as sete primeiras lexislaturas.

IV. A data prevista de finalización do Convenio para a realización dos traballos e obrigas del derivados é o 14 de xullo de 2019, segundo a addenda subscrita o 12 de xaneiro de 2018.

V. As partes asinantes do Convenio consideran que é necesario ampliar en dous máis o número de programas inicialmente planificados, ata un total de nove, así como redactar e editar un segundo volume do libro anecdotal que abrangue a oitava e novena lexislaturas, co propósito de reflectir a historia do Parlamento de Galicia tras 35 anos de andaina, de forma que se contemplen as nove lexislaturas transcorridas acadando deste modo o obxectivo último do convenio.

VI. Para a consecución dos traballos que se deriven destas actuacións as partes estiman preciso ampliar a vixencia do Convenio para a súa completa realización.

VII. Pola derogación da normativa aplicable ao convenio na data da súa formalización, e necesario actualizalo ao ordenamento vixente, de forma que se rexerá pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Con este fin,

ACORDAN

Primeiro. Subscrever esta segunda addenda de modificación, para ampliar en dous máis o número de programas previstos que coas mesmas características que os sete inicialmente acordados no convenio, producirá a CRTVG a través da súa canle, Televisión de Galicia, para a súa posterior emisión, en consecuencia, redactar e editar un segundo volume do libro anecdotal co contido destes dous programas e prorrogar o prazo previsto para a execución completa dos traballos que del se deriven.

Segundo. Mediante a presente addenda modifícanse as estipulacións segunda, cuarta, quinta, sexta e novena do convenio, que quedan redactadas como segue:

Segunda. Obrigas da Corporación Radio e Televisión de Galicia

Na base do abeiro deste convenio, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, a través da súa filial, Televisión de Galicia, producirá, para a súa posterior emisión nove programas especiais, cunha duración de 30 minutos, que reflectan, mediante reportaxes, entrevistas e reunións, a experiencia dos ex-parlamentarios e ex-parlamentarias do Parlamento de Galicia no exercicio do seu labor de representación parlamentaria, e respectando o pluralismo político de Galicia.

Os programas serán considerados como producións de Televisión de Galicia, quen ostentará todos os dereitos que a lei de propiedade intelectual lles recoñece aos produtores, e ata a entrada da obra no dominio público, podendo exercitar estes dereitos en todo o mundo.

Cuarta. Obrigas do Parlamento de Galicia

O Parlamento de Galicia redactará e editará un libro anecdotal, que recollerá nun primeiro volume o contido dos sete primeiros programas producidos e emitidos pola Televisión de Galicia e, condicionado ao orzamento da Cámara, redactará e editará un segundo volume co contido dos programas de televisión correspondentes á oitava e novena lexislatura.

Quinta. Financiamento

A Corporación Radio e Televisión de Galicia asumirá, con cargo ao seu orzamento o custo da producción (incluíndo os custos de locomoción que poidan orixinarse polo necesario desprazamento que deban realizar as ex-parlamentarias e ex-parlamentarios), realización, emisión e promoción dos programas. O importe máximo das obrigas asumidas pola Corporación Radio e Televisión de Galicia non poderá superar os 76.100 euros.

O Parlamento asumirá, con cargo ao seu orzamento, o custo do traballo intelectual de redacción e edición de dous volumes dun libro anecdotal, que se estima nun máximo de 6.000€, dos que 4.000€ como máximo serán para o primeiro volume e 2.000€ como máximo para o segundo volume ambos con cargo á partida orzamentaria 01.01.111B.227.06 no exercicio 2019. A posteriori o Parlamento de Galicia procederá a elaboración e maquetaxe condicionado á existencia de crédito dispoñible e segundo necesidades..

Sexta. Duración

Este convenio de colaboración estará vixente ata o 31 de decembro de 2019, para a producción e realización dos nove programas de televisión, así como para a redacción e edición dos dous volumes do libro anecdotalio.

Novena. Régime xurídico

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexéndose os seus efectos polo establecido nas súas cláusulas e aplicando a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Régime Xurídico do Sector Público. Queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, e rexerase polas súas propias cláusulas e, de forma supletoria, polas normas xerais do dereito administrativo.

Terceiro. O resto de cláusulas do Convenio, seguen inalterables e vixentes.

En proba de conformidade asínase a presente Addenda ao Convenio por cuadriplicado en Santiago de Compostela o 27 de febreiro 2019.



Jesús María Fernández
Rosende,

presidente da
Asociación de Ex-
parlamentarias e Ex-
parlamentarios do
Parlamento de Galicia



Miguel Ángel Santalices
Vieira,

presidente do Parlamento
de Galicia



Alfonso Sánchez
Izquierdo,

director xeral da
Corporación Radio
e Televisión de
Galicia